

### Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. A verdade é que este libro me gustou moito máis do que agardaba, e creo que é realmente sorprendente, primeiro polo feito de que contra o que cabe esperar, hai bastantes relatos escritos en castelán, e segundo pola súa orixinalidade. É un libro de relatos sobre a lingua galega. Na maioría dos relatos trátase de fondo o tema da defensa do uso do idioma, e isto de primeiras pode parecer un tanto aburrido, pero descóbrense un gran sentido de humor na totalidade dos relatos, moita orixinalidade e unha marabillosa ironía. Creo que é unha boa forma de plasmar a realidade galega de modo que a xente poida darse conta da situación ao mesmo tempo que pasa un bo rato. Gustáronme en especial relatos como por exemplo "Madrith" no que o castelán é rexeitado pola poboación e vaixe perdendo, "unha palabra común", no que unha palabra galega é perseguida por un castelanismo, "paracaídas" no cal unha muller maior decide comprar un paracaídas para escapar da "súa" casa, na que xa non falan a súa lingua, e outros coma "falar", "uf" e un que me fixo especial graza, "instrucciones para aprender a hablar gallego". En resumo, "Made in Galiza" pareceume un libro realmente bo, moi interesante, con moitas ideas, sentido do humor, unha gran ironía en case todos os relatos, orixinal e cun gran propósito que é reivindicar o uso do noso idioma. **(Raquel)**

2. Este libro de relatos do autor Séchu Sende pretende ser unha reflexión sobre o "conflito lingüístico" existente en Galiza, ademais de conter algún que outro relato que non se ocupa deste asunto. A miña opinión é que o autor utiliza como argumento dalgúns relatos tópicos ou prexuízos que xa están superados, como no que uns adolescentes din que falar galego é ser de pobo ou similares. Eu penso que este tipo de posturas xa non as adopta ninguén, por iso parece que o autor ou está un pouco desfasado ou é que pretende facer crer que realmente existen estes prexuízos á hora de falar a lingua propia de Galiza, o galego. Noutros casos, pola contra, o autor ataca directa e indirectamente ao idioma castelán, facendo historias irreais no que este aparece como unha praga, como un mal horribel que hai que eliminar a toda costa. Tampouco me parece que o autor deba manter esta opinión. Tamén existen relatos no que se critica simbolicamente a tendencia actual á uniformidade lingüística (por exemplo, no relato "Verba" no que unha empresa crea unha lingua e a vende, é dicir, convértea nun ben de consumo. Este relato tamén critica a sociedade actual de consumo, no que absolutamente todo é vendible, e o única que semella que nos quedan, que son as linguas, convértese tamén nun mero obxecto de compravenda. Pero o principal problema que ten o libro é a similitude de todas as historias e que todas elas comparten un sentido do humor bastante "cutre". Nos relatos o autor constrúe historias inverosímiles a partir de elementos sociolingüísticos; hai historias de vendedoras de palabras, unha receita no que o "medicamento" axeitado para curar a doenza é o idioma galego, instrucións para comezar a falar a nosa lingua.... En xeral, un conxunto de narracións breves nas que Sende constrúe un mundo cheo de simbolismos, no que o principal protagonista é a lingua (galega). O número de relatos é excesivo, de feito algúns comprenden unha soa páxina. (Eu nunca serei Yo). En resumo, o libro trata da problemática das dúas linguas que se falan en Galiza, facendo unha defensa do galego como a nosa lingua propia, pero o modo de facela non é moi bo. O obxectivo é que sexa un libro con humor mesturado con metáforas entre a lingüística e a vida, pero o que consegue é un grupo de relatos heteroxéneos e, con algunha excepción, de bastante pouca calidade. É un libro que non axuda a pensar na situación actual da nosa lingua, senón que deixa un extraño sabor de boca, coa impresión de que o que acabas de ler non che aportou nada novo. **(Javier R)**.

3. O libro gustoume bastante, aínda que antes de lelo pensaba que trataría temas políticos nacionalistas... pero non foi así. Na miña opinión, o autor plasmou a relación do galego co castelán de forma moi sinxela e real. Trata varias historias que teñen en común un mesmo tema: a influencia do castelán sobre o galego. O autor logra que o lector poña interese neste tema, fundamental na nosa sociedade. Así mesmo, o relato que máis me gustou foi "O ladrón de palabras" que asemella a perda de palabras galegas con sarcasmo e humor. Por outra parte creo que non se debería falar só galego ou só castelán. Penso que o máis axeitado e normal é alternar as dúas linguas xa que non adoitamos falar sempre no mesmo idioma. Tamén cabería resaltar a imaxinación do autor ao facer un símil, ás veces demasiado fantástico e á vez divertido, no libro. Teño que rematar recomendando este libro aos meus compañeiros, pois fíxome querer falar galego máis a miúdo. **(Pedro)**

4. *Made in Galiza* é un libro de relatos de Séchu Sende no que se critica o uso do galego. Pareceume un libro moi divertido, xa que o autor emprega a ironía para ridiculizar á xente que non usa o seu idioma (o Galego) e burlase das razóns que dan para non empregalo. A verdade, pensaba que o libro sería aburrido, mais encantoume o libro e pasei un bo rato léndoo. A relato que máis me gustou foi o da palabra galega que vivía tranquila na súa casa e tiña o seu traballo, pero un día ao abrir a porta atopouse cun castelanismo. Ela asústase e pasa uns días encerrada na casa con medo, xa que o castelanismo vén quitarlle a súa vida, a súa casa e o seu traballo. Despois duns días pensa que o mellor é seguir facendo a súa vida con normalidade e así o fai. Fíxome moita graza esta historia, xa que compara as palabras coas persoas como cando fala das palabras inmigrantes. Sentínme identificada coas historias que vas lendo,

sobre todo porque vas vendo que as historias que les ocorren no teu entorno. Dáme mágoa pensar que cada vez a xente fala menos en galego. Non sei porque a mocidade pensamos que falar galego é de xente inculta ou que é mellor falar castelán que galego, pero penso que a sociedade é a que nolo ensina. Espero que todo o que lea o libro recapacite nas historias que se contan e que vexan que o galego é un idioma como outro calquera, e deberíamos sentirmos orgullosos por termos un idioma propio e ter a oportunidade de recibir unha educación con dúas linguas. En conclusión, recomendo ler este libro a calquera, xa que de momento, é o libro que máis me gustou dos que levo. É moi fácil de ler e bastante curto. Emprega un vocabulario sinxelo, e moitas veces a historia é narrada en castelán. **(Sara)**

5. A obra escrita por Séchu Sende, en forma de relatos curtos, pareceume bastante interesante ao mesmo tempo de ser sinxela para ler. Agradoume especialmente a maneira na que o autor intenta relatar en pequenas e diferentes historias o problema lingüístico existente entre o castelán e o galego, aínda que na miña opinión non existe tal cruenta loita entre os dous idiomas como nos fai ver Sende nalgunhas das historias; como por exemplo na que unha avoa se sente apartada, desorientada e mesmo engade que non recoñece a súa familia polo feito de que estes falan castelán. Sen embargo, non todo o libro acode a este tipo de temática. Existen historias totalmente diferentes que che permiten evadirte dalgún xeito do conflito galego-castelán, recordo agora mesmo o relato no que un home ía polas estradas galegas na súa bicicleta contando os animais que perderon a vida nelas. En conclusión, pareceume un libro entretido, diferente aos que lera antes e por isto principalmente o recomendo. **(Pablo)**

6. Esta obra está constituída a base de relatos curtos, onde o autor critica o mal uso do galego na sociedade de hoxe en día, e, e entre outras cousas o conflito castelán-galego, e o prototipo do idioma galego e galegofalantes. Tamén fai referencia á presión que son sometidas as persoas galegofalantes. Está moi presente a consideración do galego e da xente que o fala, xa que se falas galego (para moita xente) es de aldea, ou bloqueiro, ou simplemente bruto. Non entendo esta consideración inxusta que se lle dá ó galego, parece que a xente en vez de valoralizalo por ser a súa lingua natal, marxínao pola invasión doutras linguas como o castelán. Ás veces parece que o libro esaxera un pouco, pero o máis triste de todo é que é certo, e cada vez a lingua galega é menos usada e peor considerada. A pesar de ser un libro que trata da lingua galega, tamén ten relatos que teñen que ver coas linguas, e incluso autor que non teñen nada que ver como "O can de Sabucedo". O relato que máis me gustou foi "Nun lugar sem palabras", porque me lembra unha película que vin, e ademais de argumento parecido: unha rapaza que viaxa ata unha aldea onde a xente se expresa mediante sons, e intégrase nesa cultura por un tempo, ata o punto de formar practicamente dela. Concluindo foi un libro moi ameno de ler, divertido e bastante entretido. O mellor é que defende o noso idioma e reivindica o seu uso. **(Brandán)**

7. *Made in Galiza* pareceume un libro moi divertido e interesante. Na obra, o autor trata de reivindicar a lingua galega empregando como ferramentas a imaxinación, o humor e a ironía. Na maioría dos relatos Séchu Sende trata o conflito lingüístico que existe entre o castelán e o galego. Na miña opinión, nalgúns destes relatos o autor excédese demasiado da realidade, como por exemplo, na historia dunha avoa que, polo feito de que os seus fillos e netos falan en castelán, pensa que non son a súa verdadeira familia. Non obstante, na obra combínase o tema xa citado con outros como os desenganos amorosos ou a falta de personalidade desas persoas que, por temor ao que pensan os demais, non falan en galego. En conclusión, a forma que ten Séchu Sende de reivindicar a lingua galega gustoume bastante, xa que é fácil de entender e permite que a xente máis nova comprenda mellor o eterno problema entre o castelán e o galego. **(Jorge)**

8. O autor neste relato fainos cavilar acerca do presente do galego mediante o uso en todos os seus capítulos de metáforas. Preséntanos de cheo a súa posición reintegracionista ao longo duns relatos curtos de doada asimilización e dun alto contido irónico. Estou de acordo con Sechu Sende, a conta da importancia do castelán nos medios de comunicación de masas e a rápida castelanización da xuventude nalgunhas cidades, non nos decatamos nin reflexionamos sobre a situación da lingua galega. É certo que estamos nunha sociedade lingüisticamente moito máis adiantada que antano. Hogano temos unha preparación académica, un estudo da lingua. É un factor determinante o papel da escola e da educación en galego, xa que grazas a isto, temos coñecemento sobre a nosa lingua e é máis doado o uso dunha lingua propia ao coñecela mellor. Nourora, Alfonso X o sabio, escribiu nunha lingua allea á da súa terra, o galego. É considerada por moitos, unha lingua fermosa que foi obxecto dunha centralización e marxinao durante moitos anos. É por iso que moitos autores defendan unha volta a un galego máis puro, o chamado galego reintegracionista: O uso do 'nh', 'lh', '-vel', '-çom', etc; afastando a influencia do castelán no galego. En síntese, concordo co autor no uso da lingua nai, achegándolla o máximo posíbel á xente da rúa, así como recomendo o libro que é de lectura rápida e fai reflexionar. **(Adrián)**

9. É un libro moi divertido, de alto contido irónico que nos fai reflexionar sobre a nosa lingua; o galego. Todo o libro fai referencia, mediante relatos curtos, aos diferentes usos que se lle dá á nosa lingua, aos prexuízos que ten respecto ao seu uso e busca sobre todo concienciar sobre a importancia da nosa lingua como un acto reivindicativo e de

incitación ao seu uso. Na miña opinión, creo que deberíamos falar galego máis a miúdo, aínda que sexa difícil polos prexuízos lingüísticos. De todos os xeitos, creo que debemos concienciarnos e tomar o galego e facelo máis noso, se é posible. En resumo, creo que é un libro moi entretido e fácil de ler e por iso aconsello a súa lectura a todo aquel que lea o meu comentario, xa que o axudará un pouco máis a comprender o noso idioma dun xeito divertido e irónico. **(Joaquín)**

10. A obra de Sechu Sende foi un libro que me gustou moito. Cando decidín escollelo entre os libros opcionais, pensei que sería o típico libro de relatos pesados, pero todo o contrario; son relatos curtos moi interesantes que tratan dende diferentes puntos o tema da lingua, da súa perda, das historias relacionadas con ela. No meu parecer é una boa maneira de achegar a realidade da nosa lingua ao mesmo tempo que un se diverte lendo na súa lingua. Os relatos son de todo tipo: uns divertidos, interesantes e outros a verdade é que sen moito sentido. O que mais me gustou foi o da fabrica de palabras, o dunha palabra común ou o estudo sobre a mocidade baixo os efectos das drogas. Noutros puntos, os do home aforcado ou "as nubes" ou "un can labrego". Non entendín o carácter en común que tiña co resto de relatos da obra. En conclusión é unha obra que recomendo ler por ser moi interesante e con grandes ideas e historias e que representa en liñas xerais a situación que vive o galego na actualidade. **(Paloma)**

11. *Made in Galiza* é un libro de 42 relatos escrito por Séchu Sende. Neste libro podemos atopar unha gran variedade de puntos de vista sobre a lingua galega e o seu uso. En relatos como "Falar", no que se reflicte o pensamento dunha nena que ten que comezar a falar e non sabe como vai ser a súa primeira palabra nin a reacción dos seus pais e avós, xa que entre eles falan en galego e cando se dirixen a ela fano en castelán e isto é algo que ela non entende. Noutro relato titulado "A vendedora de palabras", describíse unha escena na que unha muller entra nunha tenda onde se venden palabras, déixase asesorar pola vendedora e remata comprando unha palabra moi importante: o nome da filla que espera. Tamén me interesaron outros relatos como "O ladrón de palabras" ou "nh positivo". En xeral, este libro gustoume e pareceume moi fácil de ler. **(Irene)**

12. O libro *Made in Galiza* está escrito por Séchu Sende e consta dunha gran cantidade de relatos cun tema común: a lingua, e o uso do galego. Utiliza a ironía para criticar ás persoas que non o empregan debido a vergoña ou ao que dirán. Moitos destes relatos identifícanse con épocas ou momentos da historia do galego; por exemplo 'O ladrón de palabras narra a historia dun home que ía roubando ás palabras dunha lingua, e o idioma acababa desaparecendo e só era utilizado pola xente dos pobos ata onde o ladrón non chegaba. Este relato identifícase coa época na que foi prohibido falar galego nas administracións e o castelán pasou a ser o idioma oficial. Gustoume moito o relato de 'Falar' no que unha nena pequena ten un dilema: non sabe se falar a lingua que empregan os seus pais entre eles ou a lingua coa que lle falan a ela. Ou tamén, chamoume a atención o relato 'Eu nunca serei YO' porque demostra que en só catro palabras se pode dicir moito. E o relato que tivo para min un final inesperado foi o último, 'Estou contigo' xa que ao principio pensei que estaba falando dunha muller e sorprendeume cando finalizou dándolle as grazas ... En resumo, resultoume moi doado de ler pola brevidade dos relatos e polo vocabulario doado que ten. **(Lucía)**

13. Este libro de relatos breves pareceume sen dúbida extraordinario, xa que o autor partindo dun tema como é o conflito xeolingüístico que hai en Galiza, é capaz de crear unha serie de relatos que para nada se fan pesados ou difíciles de ler a pesar da súa aparencia. De feito o autor engádelle un toque burlesco e crítico ao mesmo tempo. O capítulo que máis me gustou coído que foi o de "o ladrón de palabras", xa que trata o tema cunha gran dose de sarcasmo e humor. Para rematar, "Made in Galiza" pareceume unha gran obra, a parte da súa brevidade pareceume un libro moi interesante e que algunha vez que outra faiche reflexionar sobre o teu propio idioma. **(Noela)**

14. O libro *Made in Galiza* pareceume un libro moi pouco interesante. Plantéase o conflito lingüístico que se dá en Galiza entre a lingua galega e o castelán. Os relatos son moi enxeñosos, na súa maioría, pero tamén aparecen outros que carecen de sentido para o meu parecer e que non teñen que ver moito co tema central do libro. Un dos relatos que máis me gustou foi o de "verba" porque é moi enxeñoso e ademais foi o que máis me entretivo e o que me causou maior expectación. Nel aparece a compravenda do único que ata agora non se podería nin mercar nin vender que son as palabras, isto foi o que máis me sorprende do relato xa que nunca pensara en algo así. Polo resto dos relatos resalto o derradeiro no que se narra a historia dunha parella moi especial na cal resultará ser ... a propia noiva. Para concluír, "Made in Galiza" é un libro un tanto aburrido e pesado debido á cantidade de relatos dos que consta, isto fai que sexa difícil de ler e que custe bastante entender as diferentes historias. Ten relatos divertidos e entretidos pero na súa maioría son pouco entendibles e bastante cutres. **(Pablo)**

15. O libro "Made in Galiza" é un libro que me gustou moito porque é moi sinxelo de ler e divertido, que toman como protagonista ao galego. Está formado por moitos relatos curtos e poderíase dividir en dous grupos. O primeiro grupo fai referencia ao prexuízo que ten a xente ao falar no seu idioma (o galego), neste grupo están historias como "Na oficina

de obxectos perdidos” onde a xente vai buscar a súa lingua e así poder falar galego. No segundo grupo están os relatos nso que contan as historias das letras e as palabras do noso idioma, neste grupo están as historias como “Laboratorios sociais de normalización lingüística” que pode verse pegado nas paredes do instituto. É un libro un pouco longo pero moi fácil de ler porque as historias son moi curtas e moi interesantes. **(Sara)**

16. A verdade é que se trata dun libro bastante inusual con respecto aos anteriores que escollera para ler este ano. Desde o primeiro relato pareceume algo totalmente distinto e captou a miña atención pola súa peculiaridade e sobre todo, pola inmensa imaxinación que desborda das súas follas. Pareceume un libro tremendamente creativo onde os haxa, pero sobre todo pareceume admirable a tenrura e creatividade coa que integra nestes relatos fantásticos e se cadras ás veces, surrealistas, unha polémica tan de actualidade como é o uso da nosa lingua. Pareceume impresionante como en tan poucas palabras pode o autor dar tanto que pensar, e que reflexionar... porque no fondo, aínda tratándose ás veces de historias totalmente inexplicables, teñen un fondo que acaba por facerte ata sentir culpable por non coidar como deberías unha lingua tan túa como é o galego. Gustoume moitísimo esta lectura e así recoméndo a todo aquel que queira recuperar, aínda que sexa un pouquiño, o agarimo cara a lingua galega. **(Xulia)**

17. *Made in Galiza* é un libro de varios relatos, nos que a maioría tratan da lingua galega e a situación fronte ao idioma castelán. Pareceume un bo libro para facer pensar na problemática sociolingüística que aínda segue a existir entre o galego e o castelán. O autor criticaba cousas como pensamentos típicos acerca da lingua que coído que aínda seguen a existir como que falar o galego é de xente da aldea ou que a lingua galega non sofre certa "discriminación" en ámbitos sociais, laborais ou financeiros, e facíao dende unha perspectiva un tanto humorística e os personaxes non eran sempre persoas, incluso había letras que dialogaban entre elas ou a primeira boneca que falaba en galego. Coído que o autor escolleu unha boa forma para reivindicar o uso da nosa lingua e desprendela de todos eses prexuízos que a xente aínda cre dela. Recomendaríao para ler porque, ademais de ser ameno, ten un vocabulario moi doado e coído que é interesante para facemos reflexionar sobre as nosas raíces. **(Tamara)**

18. O libro *Made in Galiza* invita á reflexión acerca da situación actual do galego, sobre todo entre a xente máis nova. A través de múltiples e variadas historias, Séchu Sende amosa a situación de inferioridade que vive o galego con respecto ao castelán, e fai paralelismos con diferentes situación da vida cotiá, o que nos fai velo dun xeito máis claro e gráfico. Unha das historias que máis me chamou a atención foi a da ouigha co espírito de Castelao, e tamén a de Madrith, na que pon ao castelán na situación de inferioridade que sofre o galego. En resumo, un libro entretido e fácil de ler que recomendaría a todo aquel que aínda non o leu. **(Eduardo)**

19. É un libro que me gustou nun punto pero que me chegou a aborrecer un pouco os relatos. Encántame o feito de que o autor, Séchu Sende, queira reivindicar o feito de que o galego se está a esquecer e que hai que empregalo moito máis no día a día. Mais pola contra algúns relatos fixéronse moi pesados. Un dato a destacar neste libro é a súa orixinalidade e imaxinación. Este libro de relatos, escrito desde a máis absoluta falta de prexuízos, revira as situacións, dálle a volta aos problemas e encara a situación da lingua galega coa liberdade que lle outorga o humor e un estilo narrativo extraordinariamente orixinal. Sorprendeume moito a sinceridade con que se aborda o tema da lingua, sen prexuízos e con carisma. Eu recomendo este libro xa que é entretido e rompe co esquema dos libros en galego ao incorporar relatos en castelán. **(Sara)**